

07 XULLO DO 2005 - NÚMERO 573

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



De rerum natura



Poesía dos novos: a aposta oblicua

Son os poetas que comezan a publicar no século XXI e veñen provocando, estourando, rebentando... Sobre todo aos seus compañeiros da xeración anterior, como eles xa fixeran cos que os precedían. Teñen o seu referente en Ferrín ou Ramiro Fonte e considéranse fillos de Aquilino Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Celan, Díaz Castro, Pound, Sibari ou Valente. No seu manifesto de presentación apostan pola subversión e polo poeta total, critican a “entelequia” da Literatura galega e arremeten contra o que denominan o “nacionalismo literario” para asegurar, sen dúbidas, que o país rexistra unha carencia extrema de grandes figuras.

De rerum natura

1. Dirémolo ben alto. O profesorado de secundaria é o único lector do sistema literario galego. Un obstáculo. Un muro de contención que se convirte por gracia e obra da cultura de provincias no incuestionable transmisor e lexitimador do noso legado estético. Non afirmaremos nada novo se proclamamos que a crítica literaria non existe en Galicia e que o único residuo que atopamos de teorización literaria redúcese a un “exemplo de vontade e patriotismo”. O nacionalismo literario segue a voar sobre nós coma un paxaro estremadamente arcaico que convirte cada discurso nun compromiso, nunha cruel e xa obsoleta ofrenda ó pobo. Pero, ¿cal é o pobo? O pobo somos nós, coma diría a canción, pero ese nós redúcese a un corpúsculo de ¿intelectuais? trasnoitados que coma nunha visión de Lévinas ignoran exemplarmente a outridade. E sí, agora debemos afirmar que non somos outra cousa que outridade, territorio inexplorado que crece coma silveira mansa a carón das murallas da institución española tendendo pontes estouradas de antemán a culturas irmás que comprenderon un día cal é a lóxica da descolonización. A premisa da que partimos é, pois, que cada sistema ten a súa mecánica e que chegou a hora de abrirse definitiva e radicalmente á experiencia literaria que, como xa veu dun xeito visionario o esteta rianxeiro, é a mellor das maneiras de modificar as estruturas socioculturais da nosa sociedade. Chegados aquí cómpre preguntarse, ¿ata que punto a cultura galega ignora as súas propias limitacións? Como acontece sempre nas loitas de minorías o interese persoal é unha perigosa estrutura que flota disimuladamente na consciencia dos produtores, dos mártires da patria que puño en alto taponan, castran e esterilizan calqueira xermolo de intelixencia, de innovación. Noutras palabras, calqueira signo de posible superación que deixe en evidencia esas reveladoras e sesudas columnas que infestan os nosos xornais, esas obras literarias pretendidamente anovadoras ou esas declaracións acerca da escrita, o compromiso e a desacralización da cultura.

Estamos fartos, por dicilo sutilmente, do xogo de máscaras no que se desenvolve esta eterna representación. Deste xeito, atopámonos cos cacarexos da sempre presente periferia (institucionalizada) que se revolve cunha pose ridiculamente vangardista contra o “estreito xeito” dos devanceiros enfrascados, á súa vez, no seu outorgado prestixio, coma símbolos dunha época e dun país. É neste territorio das desaparicións onde cobran vida as actitudes máis patéticas e inservibles que se artellan a través de asociacións de escritores (¿?) ou de colectivos de intelectuais que coma pólas de grandes institucións adócanse a organizar comidas, a encher o baleiro que se sitúa entre o estómago do groso dos mortais e o intelecto. (Un parágrafo aparte merecerían os premios literarios, coa súa teima en premiar a mediocridade no mellor dos casos ou en outorgar galanos á amizade con xurados que se repiten perigosamente, alternándose nos papeis de xuíces e premiados). Pero malia todo, existen referentes que non debemos esquecer; X. L. Méndez Ferrín, Ramiro Fonte... que non debemos esquecer pero que debemos cuestionar coma todo produto literario sobre o que non temos unha distancia crítica suficiente. É a sombra do(s) gran(des) patriarca(s) a que se proxecta sobre si mesma impedindo sen o querer calqueira manifestación de vida, de alternativa discursiva. Isto demostranos que Otero Pedrayo coma figura institucional non morreu, reproducése ciclicamente coma nun soño pitagórico a través de diversos e sucesivos corpos. Velaquí outro dos grandes problemas da cultura galega, a carencia, a extrema carencia dun mínimo elenco de grandes figuras (recoñecidas).


En conclusión: a literatura galega é unha grande comunidade imaxinaria, unha entelequia que se eleva no aire afirmando unha continuidade entre o esplendor da literatura medieval e a ruptura dos séculos escuros. Unha disciplina que se autonomea como arma inoperativamente política, que se debuxa coma a historia dun fracaso.

2. Quizais tales consideracións sirvan para explicar en certo modo a notable falta de calidade, a case total afirmación da mediocridade e da anorexia intelectual na produción poética galega dos últimos tempos. Son dúas as liñas que se presentan como hexemónicas. Por unha banda, a reincidencia na xa esgotada-antes-de-comezar liña de poesía feminina exclusivamente baseada na gracia que lle fagan ó consumidor as funcións corporais de corte máis escatolóxico (EXCLUSIVAMENTE é a palabra clave: anótese que estamos moi afastados, salvo excepcións notables como unha Chus Pato sempre secundada no horizonte por Helena de Carlos, Olga Novo, Emma Pedreira ou María do Cebreiro, das brillantes cosmogonías uterinas da nunca suficientemente reivindicada Ingeborg Bachmann). Por outra banda, nunha revisión (¿?) da liña do compromiso que en lugar de comprender a lóxica do mercado, do produto e das súas posibilidades de subversión, afirmase ora nunha estética que confunde o mal chamado ton conversacional (verificable en Auden ou, máis *estupendamente*, en Pavese) co garabanceirismo estético e a ironía (nada que ver con Platón, Kierkegaard ou Paul de Man) coa máis pedestre das lecturas posibles. Neste saco sen fondo entran, por poñer algún

exemplo, as chamadas “tomas de terra” ou “poéticas da intervención” que non fan outra cousa que demostrarnos que non hai nada máis ousado que a ignorancia (ou como xa apuntamos anteriormente a terrorífica, a usureira conciencia de querer perpetuarse, custe o que custe, nunha posición de poder). Conformémonos, como contrapartida, con felicitar á editorial Galaxia pola súa reedición de Alfonso Pexegueiro. *A illa das mulleres loucas* devén se cabe unha proposta máis necesaria, máis radical, máis iluminadora e máis intelixente rodeada do presente contexto. Temos necesidade dun diálogo intersistémico, de afastarnos de dogmas estéticos; é por isto polo que nos vangloriamos de que obras coma esta, que por mor das limitacións hermenéuticas do sistema literario galego víronse negadas, dialoguen novamente, ergan a voz.

3. No centro das obras de Blanchot existe un punto escuro que, de xeito máis explícito aínda que na tópica disposición de lugares comúns no discurso do sistema heideggeriano, identifícase coa xénese dos produtos do mercado literario como desviación que os substitúe presentándose como imaxe da súa propia non-construcción, como metáfora de si mesmo antes de ser. Algo semellante pode lerse en Georges Bataille, especialmente nas súas reflexións sobre Kafka. A imaxe elévase nun camiño de impersonalidade arreferencial cara un estado de lugar de potencialidade única e infinita densidade do texto previo á escritura. Nese lugar de indeterminación as obras son só posibles e inclusivas, non son, polo tanto, produtos dun mercado determinado por correntes productivas de especificidade relativa. Que esa pre-esencialidade non está baleira demostrouno Benjamin na súa lectura do *efecto-e* na construcción dramática brechtiana. Sería este o mesmo Benjamin que lle entregaría o *Passagenwerken* a Bataille en París pouco antes de morrer vítima da Gestapo en Port-Bou pechando un círculo xenealóxico que hoxe pode ser visto como unha das primeiras tentativas de achega non necesariamente esencialista ás categorías formais sancionadas no produto cultural. En efecto, a nosa posición aseméllase a esta tentativa, situando o horizonte ideal ou liña cero no atentado que dende o romanticismo se ven efectuando contra a liña de flotación da institución retórico-pragmática por medio de figuras coma Leopardi, Keats, Mallarmé ou Pessoa sen esquecer as armas de Guilhem de Peitieu ou os máis que visionarios poemas da loucura de Hölderlin. O camiño de chegada non é outro que a aventura de poeta total (poeta total como arma estética, sociocultural, de investigación) que se ve representado en figuras como a do sempre paradigmático Paul Celan, do aínda non correctamente descodificado J. A. Valente, do intelixentemente decadentista Gimferrer, do narrador (¿?) Julián Ríos, do Giacomo Sibari de *Notte chiusa* ou dos revolucionarios Eliot e Pound que atopan o seu correlato (nunca en termos cualitativos e só no que se refire á relación entre aventura estética e vida) en intentos como o de Aquilino Iglesia Alvariño, Díaz Castro ou no do mellor poeta galego de toda a curta historia da nosa literatura, Álvaro Cunqueiro –mellor por desgraza, malia a súa incuestionable calidade, ó non existir escritor que lle fixese/faga algo máis que sombra. Só tenues trazos para apuntar unha poética como abstracción, nunca unha verdade, un aparello unidireccionalmente ideolóxico: nunca un amago de pintura para evidenciar que non somos tan estúpidos, tan inocentes como para querer matar ó pai ou taparlle a boca ó irmán. (Isto é, solfataras de pose con ascendencia romántica como as das rapazas monas da Coruña, esgotadas xa en calqueira sistema literario con certa autonomía, son/eran necesarias no noso contexto pero deberíamos esquecer a economía persoal e ir máis alá)

¿É isto un museo de autoridades? ¿Incumplimos quizais o dictado pola máis célebre (e máis dada a interpretacións capciosas) das teses sobre Feuerbach? ¿Somos refractarios a canto sucede no mundo? É un punto de vista. Pero quen o ten obvia as consideracións que se deben extraer dunha circunstancia que xa Marx semellaba experimentar intuitivamente na súa admiración por un escritor tan pouco revolucionario en ningún aspecto como Balzac. Isto quere dicir que a relación entre o produto literario e as súas circunstancias productivas (falar de realidade ou de suceso – fracción – implicaría un diálogo co suxeito cognoscitivo husserliano e con algunhas propostas de Wittgenstein para as que non temos espacio) é oblicua. O produto reflicte a súa orixe pero se actualiza nun lugar diferente, nun lugar de lectura que, como xa deixara claro Todorov, coñece regras de seu. A subversión debe ser con respecto ó código no que se funda, xa que se se acepta a farsa dunha linguaxe verticalmente imposta pode convertirse o espello trucado da fala en mecanismo de sanción e pensar que a escritura está unicamente constituída de nomes para as cousas, como pensaba Aristóteles. Só a subversión das categorías ordinarias pode fundar un estadio de lectura non alienado, un espacio de descolonización de nós mesmos, desde o que a produción e consumo se entendan como perda de valor da vangarda como obxecto e a dialéctica deveña sistema de sucesión oposicións non-transversais nun sistema non-teleolóxico. Podería así ser pensado o mercado literario emerxente desde as súas marxas.



Javier Patiño Loira

(Vigo, 1984)

... de reuolutione scientium;

Nalgures namorei de Nosferatu.

(Invádeme o desexo alienador
de ser un libro póstumo na noite.)

O axóuxere aforroulle algúns problemas ó Estado,
di Aristóteles (τ ω α, VIII, 1340c).

A barca, nun océano de cinza,
naufrega como a morte nun perfume,
afirma a súa arte
destruíndome.

(De súpeto percibo noutro ritmo
a afín monstruosidade do bucólico.)

Pousou a tartaruga sobre a neve
a súa vocación de antiga ciencia
-e foi así o meu guía mantuano
no lento decorrer
das arduas tempestades.

Escollo o vestuario para as nais
que xogan cos seus nenos asasinados
e soño que morreu en Waterloo
a derradeira e triste prostituta
que levou
un paraugas na mirada.

O tempo transformoume noutra cousa:
o cesto baixo a luz
non é xa un signo.

... de katastrophe dei;

O báculo na gorxa, falou así o bufón.
De xeonllos, defecou con suavidade
e marchou ensaiando unha danza imposible
para caer morto
na indolencia da alfombra.

Pareceulle ós presentes
a estatua sen cabeza dun deus moi antigo.


"... o arquitecto da noite, o artífice..."

A realidade penetra os palacios
coa fría beleza que habita nas rochas.

"... a monarquía das horas, os días felices..."

Nas noites, leo en Nietzsche con fervor
que a nai de Georg Büchner preparaba
doces exquisitos
ó duque de Berry.

(Xa sinto a lonxanía nos meus membros,
a serena percepción
de existir nas imaxes).



David Souto Alcalde

(Vilagarcía, 1984)

rdL | 5
Galicia Hoxe 07/07/05

The anatomy of melancholy

Hoc erat in votis: modus agri non ita magnus.
Sermonum. Liber secundus, VI

Edifiquei un palacio de prata
sobre a vertixe das nubes. O medo
estendéuse coas fogueiras da noite,
increpou ás hedras do mencer.
Os bosques emerxeron con cautela
tralo festexo da primeira neve.
O mundo comezou a transformarse.

Nunha cuncha de vieira deseñouse
a arquitectura desta primavera.

¡Un bumerang de lembranzas!

O son do deserto atravesa as fiestras.
No salón principal bailan os rostros
dos que esqueceron a arte da beleza.
Confundidos láméntanse os cabalos.

¡Espazo para a evasión!

Certas bubelas rillan os insectos
cultivados polo barro da infancia.
As margaridas brúan na tormenta.
O retrato da choiva corrompeuse
co triunfo da humidade.

O derrubamento da última landra
anuncia bágoas para a poboación.
¡Mirade como foxen as cidades,
como cancelan a luz do pasado!
O tumulto das avenidas pervive
na alma dos poemas coma reliquia
dunha ideal e extinguida ledicia.

Escoito un funeral no meu cerebro.
Os ollos daquel rapaz apodrecen
contemplando o tránsito da camelia
que desaparece logo das nevadas.

¿Como seguir existindo sen voz?
¿Como seguir respirando?

O tempo pervive como a maleza.
Os navíos érguense dende o lique,
conquistan o perigo coa esperanza
de obter un mar de cores aturdidas.
¡A neboeira da morte reclámanos!
¿Camiñamos cara a aló?

Un emparrado de xestas confunde
a afastada conciencia dos camiños.

Notas rotas sostidas sobre a pedra
transportan as arterias ó baleiro.
Enmudece o froito das silveiras.

Herba, herba, remotamente escrita.

O deserto acciona o seu freno
e aumenta os lugares líquidosda superficie
fuxindo do son agre da aridez.

O cacto seca ó pé dunha cruz.

O segredo do mar toma corpo de cordilleira
e ergue sen aviso sobre a area
os seus acantilados de magma.

Llovió, y sobre la hierba queda una huella.

O siroco constrúe unha colage de espellos
que se superpoñen no silencio
proxectando a imposible imaxe dun animal.

O reloxo de area dosifica a cidade.


Os edificios, protexidos por musgo,
sobrepóñense á morte,
reproducen a fría voz do habitante.

Os parques son ocupados por outros ecos
que desenrolan a vida

coma unha fonte de pedra.
O nome das rúas non cambia,
é atravesado por unha sutil daga de oxido
que descompón as estacións.

O sol reflicte no tempo as súas obsesións,
quenta o mercurio das rúas,

oculta o eterno minuteiro.



Noel Blanco Mourelle

(A Coruña, 1984)

Season of the witch Teogonía

a Manuel Del Río (noso admirado senescal Keu, Thomas Muntzer ou Horkheimer, mon frère, opoñendo intelixencia, talento e descolonización á insuportable mediocridade intelectual circundante daqueles anos – estes, aínda – cando Compostela semellaba un conxunto de escenarios móbiles, espectrais, inquietantes entre os sons do *Pierrot Lunaire*

La température du soleil sur la Place de la paix.

A urbe non existe. O silencio nestes espazos infinitos aterra.

Because I do not hope (to turn again).

Pascal, Bergson: a historia non serve para nada pola súa posición entre o práctico e o inútil; a súa – esencial – consistencia como lugar de escritura é translúcida.

¿Outra estética?

another lifes to live.

Perch'io spero di tornar giammai.

O obxectivo era contemplar a súa verdade ou espello (So sense exceeds all metaphor).

Nietzsche coñecía a motivación deste signo;

en Bayeruth

Nietzsche case coma un Scardanelli frenético e exasperado polo Reich e polo espírito de anciana e xuizosa ama de chaves de Bath encarnado por Goethe;

(ti sembrano felici?)

Hölderlin entre Rousseau e Nietzsche (bailan arredor dun piano branco moito despois da morte de Danton): a xordeira, o carácter irresponsable

son os acordos do perigo:

se eu pensase coma Nietzsche, Nietzsche non pensaría coma min.

iAriadna!

as estacións de tren nas que durmen os adolescentes á beira de Guilhem de Peitieu; Europa ama ós poetas exitosos,

pero vostede non, Walter, mon ami, Pierrot, mon amour;

inquietude;

iAriadna!... DA QUANDO SEI ANDATA VIA...

– Ser amable, levemente perverso...

(o que Miss Borderau – dama pouco agraciada – e Habermas sabían é que a beleza non é gratis; o que nunca entenderían é que non reflicte

exactamente o lugar no que están)

Unha institutriz que fala inglés; un Ford Galaxy encarnado;

unha estación no inferno.

Hai que reinventar o amor. Marianne Renoir. Unha voz metálica: o analista número 60. SECUENCIA: ¿metáfora ou dexeneración? It was not what one had expected (hêlas!).

CLOSE YOUR EYES AND I'LL CLOSE MINE...

Nastascha: a piscina das execucións públicas.

Sempre chaman á policía.

JE VOUS AIME

Cósmima Wagner

¿E se o mesmo sexo xa non estivese no sexo?
Baudrillard

Cumplir favorablemente a estética do mal: a esencialidade no fragmento inicial de Tristan und Isolde. Non sobrevivir (vaidade) á admiración de ser divino. iÁmote,

Ariadna!

O traxecto Roma – París preferindo unha imaxe (un soir, un train); a grande cidade de Alexandría; cómo ser moderno vexetariano ateo e queimar sucesivas ideoloxías ata verse sobre as propias ruínas.

(Rápida sobrevén a loucura ocultos baixo as invertidas – acuáticas – badaladas de Gauss. Unha pinga de sangue e metal na auga, baixo a ponte de Mirabeaux e o lugar da outridade con Du Fu – esteticista, amable – que nunca aparece de todo para non ser pervertido.)

iA alegoría e a arquitectura contéñente, hímnica,

Lady Macbeth!

Ce soir. Un espello que desfai o discurso. Costas de rocha branca; antigos veráns burgueses, aridez perdida no transcurso das operacións dos corredores de bolsa e arquitectos da noite perdidos na súa complexa escenografía;

¿Como contar a túa historia agora?



Adrián Álvarez Meilán

(Ourense, 1984)

rdL | 7
Galicia Hoxe 07/07/05

1.-

Perfectos esténdense os espazos entre unha forza vibrante que os tensa na súa matriz. Cada liña modificaba o seu contido coa velocidade, coma imaxe do tempo. Incluíronse na materia as pegadas do baleiro que apertan, a mútua desposesión convocaba unha regra común, ese todo poroso formou aquela terra sagrada onde non existían contrarios: o equilibrio da dúbida sostén o universo.

Un reflexo metálico configuraba a sombra nos seus ollos. O derradeiro abismo do corpo da auga á deriva no aire. Alongou a forma cara a súa desaparición nun plano uniforme. Entre a nada que confirma cada átomo desliza o seu contorno e por un intre inclúese no obxecto atravesado. O contacto desapareceu no movemento. Coma memoria de luz esvaraba a frialdade entre as paredes da alma.

Unha man pode extinguir a metafísica con arañas e coitelos. A pálpebra queimada cruzou o límite da porta cara o ollo durmido. Un remeiro encallado filtraba a choiva. Dous xeonllos percorren tódalas estancias de árbores secas empañando os cristais das fiestras rotas.

Fóra a paisaxe está depositada en anacos que ninguén recolleu. As palabras sobrepoñíanse en chanzos regulares ata formar unha escaleira horizontal. O abandono anúlase ante a inexistencia. ¡Cantas pegadas debuxaron o regreso daquel deus!

2.-

A imaxe deconstruíuse na luz dos seus ollos. Unha liña derruída polo camiño amosaba a contracción das cores en pálpebras. Durante a profundidade da cinsa alzouse inmutable o contorno da forma e unha realidade perforada de espellos tecía a conciencia do derradeiro punto.

Ninguén agardou pola distancia. Cando o carreiro de fume dependía da fibra máis reducida do movemento e unha lixeira brisa entre a quietude daquela morte. Detívose ante o cristal. Lume. Coma noite privada da súa sombra vía rexurdir pouco a pouco xeo. Non quixo rachar en mil anacos esa auga de falso metal que a delataba ante outro.

Unha figura con coreografía de acuarela ancorou na transparencia da choiva. ¿Cantos cravos con ferruxe apuntalaban a superficie ó infinito reverso da árbore? A tea incluída nun conxunto representado ó quen non pertence por natureza. Quizais prolongouse a lonxitude da paisaxe cara o teu rostro. Aquela area fundida non podía crer algo real. Respirou nostalgia de mar, batía a espuma contra un líquido xa rocha.

Foi coma o mesmo suicidio da tebra. Dous corpos consumíanse coa mirada e agora todo desapareceu tras deles. A materia diluíase en olladas de noite, só restaba a lembranza do outro. ¿Algunha vez tivo nome? Unha relación fraticida rebelaba certos signos de tolemia: a dualidade do ser loitou pola existencia ata ampararse no efecto óptico.

Riscos de pinceis saturados de cores. Imposibilidade de elección. ¡Como edifican as figuras a súa ausencia! A pálpebra do espello baixábase cando ela non miraba pensando penetrar na opacidade do seu ollo observador. Unha man alongouse cara o pescozo de cristal

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotografía: Chico Mirás



14 XULLO DO 2005 - NÚMERO 574

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



LUPE GÓMEZ
De Fisteus a Compostela



De Fisteus a Compostela

Lupe Gómez

Lupe Gómez é, sen dúbida, un dos nomes clave da poesía galega das últimas décadas, provocadora e radical, intensa e rupturista. Con textos que quedarán xa para sempre gravados como un dos cimos da lírica dos anos noventa –en especial ‘Pornografía’–, Lupe Gómez non deixa de ser unha escritora incómoda e atacada desde o canon do academicismo, como lle ocorre a boa parte dos autores sen militancia nin na chamada xeración dos noventa –convertida pola crítica afín nun arquetipo consolidado– nin na xeración dos oitenta, autoproclamada a reserva lírica do país e apontoada tamén polos seus propios críticos. Independente, a voz de Lupe Gómez vai máis alá do márketing literario aínda que os seus libros sexan fenómenos de supervendas, nun caso insólito do panorama editorial galego. Xunto a Lois Pereiro, Manuel Outeiriño, Chus Pato, Xabier Cordal ou Alfonso Pexegueiro conforma unha das propostas máis lúcidas xurdida en Galicia nos últimos anos. Dela, Uxío Novoneyra dixo que era “a nova Rosalía” e Lupe Gómez, agora, réndelle homenaxe ao que fora un dos seus mentores facendo propio o seu título máis lembrado: *Do Courel a Compostela*. Con Lupe Gómez, Revista das Letras cumpre a segunda entrega dos seus monográficos especiais de verán.

A chousa de baixo

Na chousa de baixo, en Fisteus, empecei a escribir. Era un lugar máxico. No que eu me sentaba e miraba atardecer. E escribía, e miraba para as vacas. Había un río. Había toxo. Eu estaba soa, e nesa soidade medraba interiormente. Era unha nena pequena, e bailaba.

A chousa de baixo tiña forma triangular. No fondo da chousa –no pico do triángulo– había un río, unha braña. As vacas e eu baixabamos, a primeira hora da tarde, ata o fondo de todo. Eu afaláballes. As vacas andaban, baixaban a costa. Por un camiño de herba que había.

Despois o resto da tarde transcurría moi lentamente, case o tempo parábase. Nese tempo detido as vacas ían subindo outra vez cara o cimo da chousa. Pacían. Toda a tarde as vacas pacían, e eu vía como lles medraban as barrigas. Tamén lles medraban os ubres. O río era precioso como un soño. A braña era lúgubre. Eu tiña medo de caer nela, resbalar. A veces caía. Mollaba os pés, a auga entrabame polas botas, e sentíame mal. De vez en cando eu contaba as vacas, para asegurarme de que estaban todas.

Porque a veces as vacas escapaban. Para as chousas dos veciños, coas que lindaba a nosa chousa. Neses momentos eu iba buscalas, e pasábao mal. Así nacía a miña responsabilidade na vida. Ao mesmo tempo que o pasaba mal descubría lugares novos, fascinantes.

Lugares de grande beleza á beira do río, regatos, fontes. A auga nacendo nas fontes chamaba poderosamente a miña atención. Tamén, a veces, a escuridade das chousas abríase a grandes prados, grandes claridades. Eu sentíame como nunha aventura, nunha viaxe.

A medida que as vacas ían subindo a chousa eu ía subindo tamén, e a cada pouco sentábame nun sitio máis elevado, e escribía, e o sol íase marchando. Parecía a espera da morte. O viacrucis da alegría. Porque eu sentía moita alegría en contacto co silencio, coa natureza.

No cimo había unha xesteira. Un lugar bonito para xogar, esconderse. Eu sentábame nunha pedra, e esperaba ansiosa que viñese meu pai buscarme, buscar as vacas. Facíase, pouco a pouco, de noite. Miña nai estaba cerca, apañando verzas na horta, ou alcacer.

Chegaba meu pai, fumando, e sempre viña sorrinte. Sempre tiña para min un chiste, unha palabra cariñosa. Era a súa forma de dicirme todo o que me quería, e de agradecerme que eu fose tal como era. Eu sentía unha paz moi grande.

Levaba os meus libros, os meus papeis, na mao, e afalabámoslle os dous ás vacas para volver para a nosa casa. Eu sentíame como a nena dun conto. Como unha princesa subida sobre un carro. A chousa de baixo era para min un lugar misterioso que me enlazaba coa vida.

Enganchada ao e-mail

Gústame escribir e-mails, e recibilos. Todas as mañás, no barrio do amor, vou ao ciber e miro o meu buzón de e-mail. A veces atopo nel cousas moi bonitas, cartas moi

bonitas, que me enchen de amor.

Agora que ninguén escribe cartas –co que a min me gustaban, e gustan, as cartas!– eu estou enganchada ao e-mail. O carteiro dos Basquiños sofre comigo a falta de cartas de verdade, cartas de persoa. Sempre me di "hoxe tampouco tes nada, outra vez será!" e se me trae algo, ponse moi contento, e eu tamén me poño contenta. Eu vou ao ciber. E escribolles aos amigos, ás amigas. Manteño correspondencia con escritores e escritoras de Galicia moi interesantes, que me enchen de ánimo e ilusión. Escribeme a veces o escritor portugués José Luis Peixoto, que me anima moito para bailar e voar. A miña amiga Merchiña mándame cartas moi grandes, cheas de sentimento.

A escrita non desaparece. A realidade é máxica. Cambian as formas, pero o interior segue sendo



o mesmo. A nosa necesidade, marabillosa, de comunicarnos, falar. Esa necesidade de crear pontes, saír da soidade. Eso é o máis marabilloso da vida. A amizade. As palabras. Como cabalos galopando alegres na escuridade.

A escola de Branca

A miña amiga Branca Novoneyra ten unha escola de danza. É un lugar precioso, de liberdade. Chámase 'Laboratorio de movementos'. Eu estou ensaiando con ela unha peza de poesía-danza con poemas meus do libro 'O útero dos cabalos'. Pásoo xenial nos ensaios con Branca.

A súa escola está na Rúa do Medio, unha rúa moi bonita, cerca de Bonaval e San Pedro. Sempre que vou á súa escola, nesa rúa tan luminosa, tan solitaria, tan bohemia, tan fermosa, eu sinto que estou nun lugar como París. Sinto que estou lonxe, onde a arte e os sentimentos importan.

Onte estiven con ela ensaiando. Ela sempre me fala do seu pai, e eu neses momentos síntome moi viva e estremézome moito. Quero que o seu pai volva, cos seus poemas sinceros, coa súa liberdade grande. Onte Branca púxome un disco moi bonito coa banda sonora de

'Desexando amar', unha película preciosa de Wong Kar Wai. Sentínme ben, libre. Cando acabamos o ensaio –sempre ensaiar é liberarse, ela baila e eu berro- e ela estaba calzando as praias para ir ao banco, eu díxenlle, moi emocionada e contenta, "gústame moito escribir poesía, cada vez gústame máis!", e ela alegrouse. Ultimamente non paro de escribir poemarios, porque escribíndoos sintome feliz e intensa, e as palabras nácenme como bolboretas e cabalos.

porta. Roubáronme roupa, que a colleron do armario. Roubáronme a televisión. A min non me importou. A min a vida non me importaba. A moza da pizzería tamén tiña vida interior, e tiña un mozo que a facía vivir, sufrir. Ela sempre me contaba cousas do seu traballo. Do que a explotaban. Falábame dos sindicatos. Eu estudaba na Universidade e sentíame mal. Eu quería saír de min mesma e bailar no mar. Soñaba con ser escritora, erguerme cedo todo os días e pasear pola Alameda, escribir.

Pero o piso de Rosalía de Castro era frío, feo. Unha vez mareeime e caín polas escaleiras abaixo. Cando o meu corpo chegou á rúa eu estaba morta, e a xente non me vía, non miraba para min.

A xente paseaba correndo moito entre os coches. Non

Emborracharse

Sempre me chamou moito a atención o feito de beber, emborracharse. Escapar da realidade. Poñerse a cantar e saltar. Sempre me pareceu un acto bonito, máximo. É destrutivo, pero é liberador.

Eu téñome emborrachado algunhas veces. E saíndo de noite pola zona vella de Compostela teño tomado moitas cervexas, moitas delas sen alcol. Cando bebía alcol gustábame sentirme algo bohemia, era moi bonito, pasábao moi ben. Creo que era necesario.

Que a vida é insoportable, atroz. Que bebemos para esquecer, para namorarnos, para cantar cancións. Chámanme a atención as campañas para que a xente cando sae de marcha non beba. Tal como está o mundo é difícil non beber. Eu cando xanto con Luz Fandiño ela e eu sempre tomamos viño, e alegránsenos os ollos.

Eu agora non quero destruír as palabras e os soños que me nacen dentro. Sintome moi construtiva, moi contenta, moi creativa. Con moitas ganas de ver nacer poemas. Con moita ilusión. Cando camiño polo barrio do amor ando moi amodo e levo alta a mirada, porque me sinto namorada.



tiñan, nos ollos, mirada. Eu tiña un río nos ollos. Ese río meu só o vía Marta. Marta era sensible, polifónica. Ela e eu íamos a Crechas e bailabamos cos poetas e cos tolos. Poñíamos saias hippies, tiñamos moita imaxinación.

Eu tiña 18 anos, e pesábame moito o mundo. A veces ía ás clases, e deixaba a comida facéndose nunha pota posta ao lume. E cando volvía da facultade todo estaba queimado, e a pota desaparecera, e desaparecera aquel piso horrible que me facía dano como se fose unha cobra.

O piso de Rosalía de Castro

Eu tiña 18 anos. Sentíame morrer. Viñen estudar a Compostela. Busquei un piso de aluguer, para meterme nel e vivir. Atopei un piso, non en moi boas condicións, na rúa Rosalía de Castro.

Vivía alí cunha moza de Sigüeiro que traballaba nunha pizzería, onde a trataban mal. Ela tamén quería morrer. A veces mirabámonos unha á outra aos ollos, e sentíamonos moi mal.

Eu trouxen un sofá branco de Fisteus, para poñelo fronte á televisión. Trouxen tamén a televisión. Eu nunca me sentaba no sofá, pero parecía así que había unha salina naquel piso tan triste e frío.

Coñecín unha rapaza moi linda, que se chamaba Marta, que estudaba Historia, da que me fixen moi amiga. Eu estudaba Xornalismo. Marta a veces viña ao meu piso, e dicíame, entre sombras, que eu tiña moita vida interior. A miña vida interior era tan grande que eu non sabía saír ao exterior, vivir. Tiña problemas para comunicarme.

Unha vez entráronme no piso a roubar. Forzaron a

Eu quería desaparecer e tiña 18 anos. Sentíame totalmente invisible. Como un fantasma. Como a moza da pizzería cando chegaba moi tarde e viña borracha. Algunhas noites ela non viña e eu durmía soa naquela casa tan fea e tan estraña. Eu soñaba coa morte. Os meus compañeiros da facultade querían existir profundamente e eran moi estudosos. Eu quería deixar de estudar e existir. Eu era capaz de aprender poemas moi longos para poñelos nos exames de Teoría da Comunicación, como exemplo do que a vida é, do que a vida podería chegar a ser.

Despois do exame, metíame eu soa na sala de cine, e quedaba feliz e morta mirando unha película longa que nunca acababa. No cine eu escapaba e podía voar. Estaba tan cansa, despois do cine, que me metía na cama a durmir e non quería espertar.

Porque a vida a veces seméllase moito á morte.

Despois coñecín a Fini, unha rapaza estupenda, e fun con ela vivir a un piso precioso en San Pedro de Mezonzo. A rapaza da pizzería creo que se suicidou.

Outeiriño

É unha persoa especial. Un bo amigo meu. É raro, interesante, tenro. Cheo de lecturas e lucidez. Cheo, tamén, de bondade. Eu coñecino cando publiquei *Pornografía*, que a el lle gustou moito.

Dende entón únenos unha amizade bonita, que nos dá aos dous ás para voar. Ás veces véxoo en Compostela, e paseo con el polas rúas falando todo o tempo de libros, da ilusión de vivir.

Para el e para min a literatura é un invento marabilloso. Unha forma de escapar. A min e a el ás veces dóenos a vida, e tentamos escribir versos, abrir a caixa das palabras. Outeiriño é de Ourense, eu mándolle cartas, e el sempre contesta as miñas cartas, mandándome as súas respostas ao barrio do amor.

Ás veces el e eu atopámonos na cafetería do CGAC. E fumamos, tomamos café. Conversamos moito tempo, e encántanos conversar. Falamos de xornalismo, e sobre todo de literatura. Falamos de Galicia. Parecemos bohemios. Rimos. Bailamos. A vida é triste, pero nós temos un dinosaurio nos ollos.

A curtiña

En Fisteus, diante da nosa casa había un prado pequeno. Chamabámoslle "curtiña". Eu andaba por alí coas vacas, facendo cadros intensos no meu interior. Namorábame e bailaba.

Sendo moi pequeniña eu corría pola curtiña con Benito, un neno amigo. Corriamos moitísimo. Correr era unha liberdade moi grande. Benito xogaba con monecas coma min. Benito tiña uns ollos bonitos, enormes. Os seus pais eran emigrantes en Alemaña, cando viñan traían caramelos preciosos, grandes como os ollos de Benito.

No verán chegaban os meus primos de Bilbao, Óscar e Yoli. Viñan contentos e ulindo a colonia. Eu poñíame moi contenta. Recibíaos na curtiña, facíalles reverencias. Eles eran tenros, grandes amigos meus. Traían pantalóns curtos, azuis. Eran nenos elegantes. ¡Eran para min dous nenos con tanta maxia, con tanto amor!

A curtiña era un campo aberto ao sol. Cheo de penas divertidas nas que se podía bailar. Subiamos a esas penas os nenos para ser altos, xogar. Pola pista pasaban os coches, e os coches levaban dentro acordeóns. Eu soñaba con ter un coche, galopar. Quería formar parte da civilización.

Cando no verán había festa, iamos á festa pola noite, e gustábame camiñar de noite pola aldea. Parabamos na curtiña, parecíamos hipies, e deitábamonos na herba, e contabamos as estrelas do ceo cos dedos das nosas mans. Era moi divertido. Faciamos debuxos coas estrelas na escuridade, fumabamos opio inglés.

Xogabamos ao tenis na curtiña. Eu levaba unha saia pequena. Tiñamos raquetas, como na televisión. Suabamos moito. A min gustábame xogar ao tenis, porque había que correr. E facíase de noite e podíamos seguir xogando e correndo. Parecíamos auténticas actrices de cine. Tamén faciamos partidos de fútbol, pero

eu ao fútbol nunca xoguei.

Aínda me acordo de cando fixeron a pista. Os homes. Fixérona a man, como verdadeiros heroes de ciencia ficción. Daquela non había máquinas nin adiantos nin cartos. Había amor. Eu non era un home e por iso non traballaba, miraba. Gustábame moito mirar. O meu pai sangraba.

Eu era unha nena moi pequena, con mirada oblicua, limpa. Escribía un diario todas as noites. ¡Bailaba tanto nas palabras! Coas palabras construía mundos superiores, construía o meu mundo interior, que estaba cheo de campás de cristal. Eu ao escribir emborrachábame de tabaco, e meu pai mirábame cos seus ollos bonitos e soñadores.

Na curtiña había galos moi repoludos e preciosos que cantaban todalas mañás, para indicarme o camiño cara o colexio. Tamén había coellos, e un burro falador que comía papel de periódico, e se eu lle metía a miña man na boca el comíama, como se fose un postre. Os coellos e as galiñas levábanse ben. Había moitos bailaríns na curtiña.

Eu construía a historia do sol. O sol era un neno que saía cada día por un sitio e ao marchar sempre decía adeus. Eu miraba atardecer, e doíanme os ollos, e facía poemas para as flores. A curtiña estaba chea de peixes, peixes felices e namorados. As vacas eran moi caladas, non falaban, vivían cara ós seus adentros, tiñan cancións nos ollos.

O útero dos cabalos

Presentei no CGAC o meu libro *O útero dos cabalos*. Sentínme feliz, máxica. Estiven rodeada de xente, amigos. Que me daban cariño, paz. Para min presentar un libro meu, parilo, compartilo, é como se me fose casar cun mozo moi guapo, sinto a mesma ilusión.

Eu son impulsiva e vivo as cousas con moitísima intensidade, moitísima ilusión. Encantoume compartir escenario con Antón Lopo e Branca Novoneyra. Antón estaba guapísimo, todo vestido de branco, parecía unha noiva. Cando falou comparou a miña poesía coa poesía de Manuel Outeiriño e Walth Whitman, e sentínme feliz como un elefante.

Despois eu púxenme de pé no escenario do auditorio do CGAC para recitar os meus versos. Eu sentía, mentres os lía, que eran versos dolorosos e ao tempo alegres. Eu sentía en min a forza das vacas. Berrei. Bailei. Era doloroso e alegre como parir no quirófano. A xente aplaudíume moito, estaban todos moi atentos cando eu recitaba, nun profundo silencio.

Ao final do acto saíu Branca Novoneyra bailar, mentres eu recitaba o poema O hotel, que llo dediquei á miña amiga Soe. Foi unha alegría grandísima bailar con Branca. A súa actuación foi preciosa, elegante. Contida, sincera. Como se non houbese monstros. Despois do acto fomos os amigos ao Dezaseis tomar viño e empanada. Eu fumei un cigarro.

Noia

Facía unha bonita tarde de domingo, e collín o bus e fun a Noia pasear. Sentínme bohemía. Estiven paseando polas rúas do núcleo vello de Noia. Rúas preciosas,

tranquilas, solitarias. Era como amencer no mar. Había nas rúas un home vello, portugués, tocando o violín. ¡Parecía un poeta! Estíveno mirando, e escoitando a súa música, e sentinme ben. Entrei na tasca de Avilés de Taramancos, o poeta. É un lugar precioso, romántico. Sentei e estiven fumando. Liguei. Un mozo guapo miroume, e quería falar comigo. Eu seguín fumando, escribindo.

Seguín paseando polas rúas, e parecía que nese meu pasear alcanzaba a eternidade. Sentei nun banco de pedra e estiven observando a dúas velliñas de Noia. Moi vellas, moi pequeniñas, moi arrugadas. Moi fermosas. Gustábame miralas e escoitalas falar.

O ceo estaba escuro e saía o sol. Parecía que ía chover. Fun á pequena estación de autobuses de Noia coller o bus para volver para Compostela. Desatouse a tormenta, empezou a chover con forza. Eu, mirando chover pola ventá do autobús, sentinme moi ben regresando a Compostela. Era como volver dunha excursión na que o pasei moi ben, desexando volver.

O piso de San Pedro de Mezonzo

Coñecín a Fini, que era unha nena fermosa e infinita. Fini era moi azul, e tiña moitas trenzas na mirada. Fun con ela, e con outra amiga súa, vivir a un piso bonito na rua San Pedro de Mezonzo, na zona nova.

Aquel piso parecía unha aldea afastada, un campo enorme. Eu quedaba as fins de semana en Compostela e non ía a Fisteus. Aprendía o valor da soidade, esa liberdade que entraba polas portas e me facía soñar. Escribín os poemas de 'Pornografía', escribinos tremando e sentindo unha alegría enorme. A alegría de bailar no deserto, levantando as tetas. Díxenlle a Fini "que título lle poño? Póñolle 'Pornografía'?". Ela díxome "a min 'Pornografía' gústame porque é sinxelo".

Fini era sinxela e sabía ser trapecionista na vida. A veces emborrachábase e o pelo cubríase de flores. Eu escribíalle cartas a Fini, e como viviamos na mesma casa metíallas por debaixo da porta do seu cuarto. Era divertido.

Merquei, por primeira vez, un ordenador. Instaleino no meu cuarto. Era horrible. Non podía miralo. Durmín toda a noite dándolle as costas. ¡Era unha máquina tan fea, no meu mundo sen máquinas!

Vivín catro anos no piso de San Pedro de Mezonzo. Tiñamos tres cuartos. Iamos cambiándonos e cada ano tocábanos ocupar un cuarto a cada unha de nós. Así a paisaxe era sempre diferente, chea de música e pósters. Eu vivía o amor. Tiña un noivo que se chamaba Xan. Xan era poeta, era de Ferrol, tocaba nun grupo folk. Os seus ollos eran tristes, moi tristes. Era moi delicado comigo, e a súa xustiza facía en min unha bandeira.

Eu estudaba moito e non me quería tirar pola ventá. Comía moitos iogures. Tomaba moito café. Fini e eu, despois de comer, faciamos tertulias infinitas tomando café e escoitando na radio *Diálogos 3*.

Eu tiña moitos amigos, moitas amigas, e construía no meu interior un xardín enorme cheo de vacas e flores. Tiñamos uns veciños que eran guapos e tamén eran estudantes. Nós eramos tres nenas que sentían ganas de bailar e vivir. Naquel piso non facía frío.

Tiñamos calefacción, para min era todo un luxo. ¡Facía tanto frío en Fisteus! O dono do noso piso chamábase Primitivo –o seu nome facíanos moita graza– e a primeiros de mes sempre lle íamos pagar o aluguer do piso. Era moi cutre. Todos os donos de pisos en Santiago eran cutres.

A miña amiga Marta viña moitas veces ao meu piso.

Faciamos festas enormes. Iamos a Crechas e bailabamos cos mozos, ou escribiamos poemas nas paredes de pedra. Marta era xenerosa, libre.

A min gustábame camiñar cara a facultade. Cruzar as rúas feas da cidade. Entrar na zona vella. Sentir que o mundo era grande. Gustábame aprender cousas e abrirme á vida e volverme vella.

Recitei poemas meus un día por primeira vez nunha tertulia que se facía no café Literarios. Tiven moito éxito. Eu sentinme moi alegre. A alegría enorme do meu berro. Estaban Suso de Toro, Xesús Rábade....entrei nun mundo literario e bonito. Tamén coñecín a Novoneyra.

No meu interior nacían silveiras, nacía hedra. A herba de Fisteus. As vacas, que me miraban contentas cada vez que eu regresaba as fins de semana. Meu pai miroume con moito orgullo e moi contento cando me fixeron unha entrevista que saíu en 'La Voz de Galicia'. Meu pai morreu.

O piso de San Pedro de Mezonzo era amplo, acolledor. Fini tiña moitos libros de poesía, e polo meu cumpreanos regaloume un libro de Rimbaud. Eu tiña moito silencio nos ollos, e vestía roupa hipie, grande. Eu cría nos soños, e tiña o pelo longo. Tiña 20 anos.

A rúa de San Pedro

Encántame pasear pola rúa de San Pedro. É un barrio que me flipa. Parece un lugar bohemio de artistas. Un sitio de cores e liberdade. Sempre me parece que viaxo a outra cidade, unha cidade distinta, cando paseo pola rúa de San Pedro. Como se fose un barrio de poetas.

A rúa de San Pedro está cerca do barrio do amor, e eu paso por ela moitas veces. Entro nos seus cafés modernos. Vou ás súas tendas bonitas. A tenda de camisetas de Moisés. Ou unha tenda nova que abriu agora, que se chama "Como pez en el agua", na que unha moza pinta cousas na mesma tenda, camisetas, colares, libretas.

Eu síntome máxica, e sinto amor, moito amor. Case sempre paseo soa, ou quedo coa miña amiga Branca, e bailamos, namoradas do mar, da poesía e da liberdade. E fumo. Fumo moito, pitillos moi longos. Como se eu fose unha actriz, ou unha muller estranxeira bailando e comendo unha mazá.

Na rúa de San Pedro vive Antón, que tamén é poeta, e ás veces véxoo pasar feliz na súa bicicleta. Vive tamén María do Cebreiro, que escribe versos como lóstregos, versos bonitos que me enchen de glamour e amizade.

Morreu Eugenio de Andrade. Era o poeta da luz. Era un poeta tranquilo. Era un poeta sinxelo. Eu estaba lendo os seus versos, na miña pensión, cando el morreu. Avisoume da súa morte o meu amigo na néboa. De noite díxenlle ao meu amigo na néboa "eu non quero morrer.." e saín dar un paseo pola rúa de San Pedro, chea de tabaco e tristeza.

O terreo

Chamabámoslle así a un terreo que o traballabamos como se fose noso, e ao que levabamos pacer as vacas. Era un campo iluminado. Unha terra chea de historias. Un soño, bailando coas vacas. Eu ía co meu pai, e meu pai cantaba. Cancións bonitas, e facía sol. As cancións estaban en castelán, eran historias moi longas de amor e desamor, os primeiros libros que eu lía, os primeiros

libros que eu lía, os primeiros versos.

Meu pai cantaba sentindo unha felicidade enorme. A súa lucidez de home tranquilo. A súa paz labrega. Eu observábo e escoitábo, e nacíanme flores na cabeza. El poñía sobre min un sombreiro moi bonito.

O meu pai fumaba moito. Eu tamén fumaba, e miraba para as vacas e tiña ganas de que chegase a hora de xantar e ir para a casa e abrazar a miña nai. Polo terreo pasaban coches, e os coches levaban dentro xente grande, moi grande, xigantes con roupas máxicas e estrañas.

A veces miña irmá Maribel e eu apañabamos o maínzo no terreo e tiñamos moitísimo medo das arañas. Aparecían arañas moi grandes, de cores horribles, parecíanos unha película de terror e fuxíamos espantadas. Sempre Maribel e eu sentimos moito medo da vida e moito amor.

Faciamos sucos polas tardes, o meu pai co arado e eu termendo das vacas e tirando por elas e tratando de que os sucos saísen ben, rectos. Eu era pequena pero tiña unha forza moi grande. O meu pai e eu estabamos en silencio. O silencio luminoso. A paz grande.

Cando facíamos traballos grandes que levaban moito tempo as mulleres traíannos a merenda nunha bolsa de plástico. ¡Era marabilloso! Traían caviar, e de postre tortas grandes de whisky e chocolate. Eu sentaba na herba e comía todo, eu estaba moi delgada.

Unha vez unha vaca, mentres eu coidaba as vacas co meu padriño, colleume cos seus cornos, lanzoume ao aire e eu pensei que ía morrer caendo por un precipicio abaixo. Veu unha grúa e colleume e salvoume. Non tiven que ir ao hospital. O padriño miroume contento, namorado.

Pasaban os días e eu facíame grande, e o terreo facíase pequeno ante os meus ollos. Marchei nun coche, despois nun autobús, e despois nun tren. Pero o terreo seguía estando alí, como un lugar que non retrocede no tempo, que se adapta á modernidade. Coa súa herba, cos seus vestidoslongos.

Eu paso agora moitas veces por alí, polo terreo. E véxoo convertido nun lugar de destrución enorme. Non hai vida agora no terreo. Non está o meu pai cantando cancións –aínda que eu non deixo de imaxinalo, e imaxinareino toda a miña vida-. Agora hai eucaliptus. Eucaliptus que medran, e escurecen todo. Agora o terreo parece un campo de fantasmas. E eu tamén estou triste, sempre de Compostela a Fisteus, e de Fisteus a Compostela, como se a vida non tivese sentido, como se eu non tivese un lugar no mundo. Un lugar para estar quieta e cantar cancións e tomar o sol. Sen levar un cesto na cabeza.

Melodía de días usados

Titúlase así o novo libro de Anxos Sumai. É un libro precioso. Que me fai rir, que me fai chorar, que me fai soñar, que me fai bailar. Anxos e eu somos moi amigas e bailamos xuntas ás veces, bailamos no 13, na súa casa ou na miña casa, no barrio do amor.

Ela escribe dunha forma que a min me gusta moito. Ela abre para min camiños. Tamén ela se emocione cos meus escritos, cos meus poemas, que llos dou en canto os escribo, para que corrixa os erros do meu galego de Fisteus. Emociónase e éntanlle ganas de escribir, bailar.

Ás dúas gústanos influír unha na outra, dicimos ás veces que é como un experimento. A vida é unha melodía, ás veces triste, ás veces optimista. Regaleille o libro de Anxos ao meu amigo na néboa, que estaba moi triste, para que se animase lendo e voando nas palabras.

O meu amigo na néboa ensinoume fotos preciosas de paxaros bonitos e elegantes que queren voar. Estivemos, el e eu, en silencio, e o silencio non era unha muralla senón un lago no que bañarnos xuntos. Tamén falamos de política e de ilusións, do que a min me gusta bailar, e da vida que se nos enreda nos ollos, como a herba, como o amor.

A facultade de Xornalismo

Estaba na praza de Mazarelos, na zona vella de Santiago, nun edificio señorial. Eu ía con ilusión á facultade todos os días. Parecíame bonito, e ilusionante, estudar a carreira universitaria que máis me gustaba, nunha cidade tan fermosa como Compostela.

Había certo ambiente competitivo, un aire no que era difícil respirar. A min non me gustaba pelexarme cos compañeiros. E nunca lle pedín a ningún mestre que me subise a nota. Eu bailaba e cantaba cancións, e ás veces choraba moito escondéndome no meu silencio.

Un mestre, que se chamaba Marcelo, díxome unha vez no seu despacho que eu ía pasalo moi mal na vida, que eu non valía para ser xornalista, porque eu era “moi tímida”. Eu cuspinlle na cara a Marcelo, e marchei chorando. Tiña 20 anos, e un puñal no estómago.

Eu faltaba moito ás clases, porque parecíanme ás veces terriblemente inútiles e aburridas. Parecíanme unha perda de tempo. E despois eu pedíalle os apuntes á miña amiga Sandra, que era boísima, e ela sempre mos daba. Ela nunca faltaba a ningunha clase. Dábame os seus apuntes con moito amor. Eu quería, e quería, moito a Sandra.

Soe sentaba na parte de detrás da clase. Eu sempre sentaba diante de todo, porque eu non oía nin vía, e quería oír e ver todo moi ben. Soe tiña as pupilas rotas, e levaba un elefante na gorxa, e bailaba no amor. A min gustábanme as saias de Soe, sempre levaba unhas saias moi bonitas e moi longas, que lle tapaban o corpo e lle facían estar guapa.

Co mestre e escritor Freixanes discutín moito unha vez. Porque el dicíame que todo o que eu facía era literatura, que non era xornalístico. A min gustábame mesturar todo, a poesía e a realidade, a beleza e os fantasmas, a ilusión e a loucura. Eu díxenlle que el a min non me ía cambiar, que eu non quería cambiar, non quería ser distinta.

A mestra Branca Roig, que me daba clases de literatura galega, corrixía os meus poemas, para que eu os puidese presentar aos premios literarios –nos que eu non tiña sorte-. Ela animábame moito, e unha vez íamos as dúas paseando e ela díxome que tiña que ler un libro moi grande, moi importante, de teoría literaria.

Eu díxenlle que eu non quería aprender a técnica de escribir. Que quería escribir desde min mesma, desde a miña pulsión, desde a miña sinceridade. Desde as vacas, e non desde os libros. Eu, en certo modo, odiaba todo aquel mundo da Universidade. Quería voar, escaparme. No último curso da carreira fixemos un recital poético na facultade. Eu recitei, e coñecín a Uxío Novoneyra. Uxío emocionouse moitísimo comigo, e eu sentínme moi feliz e emocionada. Estiven con el, e con máis xente, nunha terraza tomando algo e falando. Pareceume un gran poeta.

Unha grandísima persoa, un grandísimo barco. Mirada limpa do Caurel. Estrafalario e xigante. Sincero, e cunha grandísima dignidade, e unha grandísima humanidade. Publiquei o meu libro ‘Pornografía’, e presenteino no Rúa Nova, nun acto emocionante que o lembrarei sempre. Rodeada de amigos. Ese día bebín viño.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotografía: Chico Mirás



21 XULLO DO 2005 - NÚMERO 575

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



XABIER CORDAL
Ramudo

Xabier Cordal (A Coruña, 1965) converteuse nos últimos anos nunha das voces que con máis lucidez e ironía analiza a realidade política e social do país. Pertencente ao colectivo Ronseltz, que nos anos oitenta rompeu a atonía do culturalismo imperante cunha poesía mordaz e ao tempo virtuosa, Cordal desenvolveu ao longo das últimas décadas unha traxectoria marcada pola esculca expresiva, con títulos como *Arianrod* (1993), *Fruto do teixo* (1994), *Afásia* (1997) ou *A vella peneira a noite* (2001). A primeira cousa que lle deu medo na vida –dío nun poema de *A vella peneira a noite*– foi a Torre de Hércules, a súa indiferencia: “o seu cálculo para sinalar as tebras”. Agora, lonxe xa da Coruña e do seu faro, lonxe da Compostela que lle marcou os vinte anos e da torre da súa catedral, Cordal contempla

R a m u d o

(entremés con chill-out ao fondo)

Xabier Cordal

desde as terras do Corgo as latitudes da madurez e enfróntase a unha escrita en depuración continua, cada vez máis intensa e conceptual. O texto que hoxe publicamos amosa unha vertente insólita da súa creación: a Literatura dramática. Tras algúns intentos de romper as fronteiras entre a poesía e o teatro, ou tras algunhas tentativas de atopar unha linguaxe dramática no seu ensaio sobre as relacións entre Margarita Duras e Cunqueiro, Xabier Cordal publica a súa primeira achega netamente teatral, unha proposta na que o absurdo se mestura coa crónica política para crear unha atmOsfera asfixiante, de diálogos marcados polo humor e composición coral. Unha proposta que sitúan de novo o escritor nun lugar de difícil situación no imperio canónico da Literatura galega recente.



[Escenario negro. Música chill-out todo o tempo, se pode ser Ray Conniff, volume baixiño. As personaxes en pé marcial, vestidas con uniforme e casco de policía antidisturbios. Alúmaos ao falaren cadanseu canón de luz de cor diversa. Van armados con moca brillante e escopetas desas que lanzan botes de gas lacrimógeno]

[O PERSONAXE 1 exclama con ton resignado, descendente, case coma a voz dunha ambulancia de efecto doppler. Ergue un ombro con deixadez.]

PERSONAXE 1: E...!
PERSONAXE 2: *[O mesmo ton e o mesmo xesto ca a anterior]* E...!
PERSONAXE 3: E...!
PERSONAXE 4: Éche o que hai...!
PERSONAXE 5: E...!
PERSONAXE 1: Non hai que facerlle...!
PERSONAXE 2: Aai, non...!
PERSONAXE 3: E...!
PERSONAXE 4: Éche así... !
PERSONAXE : E que lle queres...?
PERSONAXE 1: E pois entón...?
PERSONAXE 2: E...!
PERSONAXE 3: E...!
PERSONAXE 4: Mexan por nós e temos que dicir que chove...!
PERSONAXE 5: Pois nada...!
PERSONAXE 1: E chove?
PERSONAXE 4: Ai, non sei...!
PERSONAXE 3: E parecía que querían caer unhas gotiñas...!
PERSONAXE 2: E iso?
PERSONAXE 3: Unhas gotiñas...!
PERSONAXE 5: E...!
PERSONAXE 1: E ás veces choverá e non mexan...!
PERSONAXE 2: *[Con aire de descubrimento.]* O orballo!!
PERSONAXE 3: A néboa!
PERSONAXE 5: E que lle has facer...!
PERSONAXE 4: O caso é que haxa saúde...!
PERSONAXE 3: *[Certifica.]* Ai, iso si.

[Silencio longo.]

PERSONAXE 1: E ás veces mexarán, e outras choverá...!
PERSONAXE 2: Pois claro...!

[Outro silencio.]

PERSONAXE 1: E haberá outras veces que mexen e chova ao mesmo tempo...!
PERSONAXE 3: E daquela, que dicimos...?
PERSONAXE 5: Pois o mellor era non dicir nada, e así xa estaba!
PERSONAXE 4: O caso é non mancarse...!
PERSONAXE 5: Pois se chove de chover tampouco non podemos dicir que mexan!
PERSONAXE 2: Pero quen?
PERSONAXE 5: Ninguén, home...! O verbo chover é impersonal...
PERSONAXE 3: Impersonal que quere dicir?
PERSONAXE 5: Eh, bueno, que o suxeito está

elíptico e non se pode engadir ningún complemento directo...!

PERSONAXE 2: Ai, xa.
PERSONAXE 1: *[Como se acabase de pillala]* Ahhh...!
PERSONAXE 4: *[Tamén]* Ahhh...!
PERSONAXE 3: Ahhh, carallo!
PERSONAXE 2: Pero espera! Pero mira!
PERSONAXE 5: Dime!
PERSONAXE 2: Pero eu non sei se non estarás algo confundido...!
PERSONAXE 4: Ahhh...!
PERSONAXE 2: *[Irritado]* Cala a boca!
PERSONAXE 5: E logo?
PERSONAXE 2: Se por exemplo, un supoñer: "Chovían gotas gordas coma lapos". Aí que é "gordas coma lapos"?
PERSONAXE 4: Suplemento verbal!
PERSONAXE 2: Vai tomar polo cu! Que é?
PERSONAXE 5: Pois ao mellor aí si que me pillaches...
PERSONAXE 3: E impersonal que quere dicir?
PERSONAXE 4: Que non se conxuga, bobo! Ti oíches dicir algún día "chovemos" ou "pois ti choves máis been...!".
PERSONAXE 3: E a chuvia dourada?
PERSONAXE 5: *[Disgusto]* Vaia, cona, e mira con qué nos sae...!
PERSONAXE 3: Pois aí hai suxeito!
PERSONAXE 1: Ahhh...!
PERSONAXE 5: Pero a ver, home! Pero iso é unha metáfora!
PERSONAXE 1: Ahhh...!
PERSONAXE 5: Aí si que podes preguntar: "Chóvoche?". Pero na realidade o que lle preguntas é se lle mexas encima.
PERSONAXE : E pagando! A todo hai quen gañe...
PERSONAXE 5: *[Pedagógico]* A chuvia dourada é un recurso poético.
PERSONAXE 1: *[Insiste, mentres peta co puño na palma da man]* Pagando!
PERSONAXE 3: Un momento! [tatexante] M-mexan por nós e... e...

[Expectación]

PERSONAXE 3: E temos... q-que dicir... que é chuvia dourada!

[Aplauden TODOS]

TODOS: Moi ben! Bravo! Moi ben! Un poema!
PERSONAXE 5: Termo real: a chuvia. Termo imaxinario: o ouro.
PERSONAXE 4 : Coma Dánae!
PERSONAXE 3: Eh? Coma quen?
PERSONAXE 1: Gratis?
PERSONAXE 2: Oes, non.
PERSONAXE 5: Que que?
PERSONAXE 2: Que non.
PERSONAXE 1: *[Decepcionado]* Xa me parecía a min...
PERSONAXE 5: A ver, home, a ver, tamén sabes de todo...
PERSONAXE 2: O termo real son os mexos.
PERSONAXE 3: *[En baixo]* E Dánae, quen é? Pedro Jota?

PERSONAXE 2: O termo real son os mexos e o termo imaxinario, "chuvia dourada".

PERSONAXE 1: Ahhh...

PERSONAXE 2: Dito doutra forma: os mexos están feitos de gotas, coma a chuva, e teñen a cor do ouro.

PERSONAXE 5: *[Rasca a cabeza]* Do ouro...?
[Sen convencerse] Ben, si...

[Silencio incómodo]

PERSONAXE 3: A poesía é moi difícil. Eu non leo poesía.

PERSONAXE 4: A poesía é o máis difícil que hai.

PERSONAXE 2: É un xénero de minorías, pero ten alto valor simbólico para a comunidade.

PERSONAXE 1: Eu non sei. Nunca fun a manifestacións de poetas.

PERSONAXE 5: Non, eu tampouco. O día que os collamos... *[Ri sardonicamente]*

PERSONAXE 3: Cando os collamoooos... *[Ri tamén]* Papóns!

PERSONAXE 4: Van ver as mariconas esas... o que é chuva dourada.

PERSONAXE 1: Ha, ha, si, han ver, han... E seguro que berran coma señoritas.

PERSONAXE 3: E seguro que cagan polos pantalós, haaa...!

PERSONAXE 4: Mira: a min, os poetas, se andan entre eles, ben! Pero a min que non me falen!

PERSONAXE 5: Iso! Que se digan cousiñas entre eles! Pero como se manifesten...! Como perturben a orde cidaá...!

PERSONAXE 1: Aí si que van chover ostias!

PERSONAXE 2: Comigo non contedes.

O RESTO: *[Berrando machotes]* Eh? Coomo?

PERSONAXE 1: Pero Ramudo, home!

PERSONAXE 2: Que non contedes comigo ese día.

PERSONAXE 3: E logo?

PERSONAXE 4: Que tes, ho? Es ecoloxista?

PERSONAXE 2: Non. Debo... dicirvos algo.

PERSONAXE 5: Conta, veña. De aquí non vai saír.

PERSONAXE 2: Non sabedes que andaba a ver se sacaba o exame para sarxento?

PERSONAXE 1: Para sarxento, si.

PERSONAXE 2: Pois suspendín o psicotécnico hai dous meses.

PERSONAXE 1: Vaia, home...

PERSONAXE 3: Éche o que hai...!

PERSONAXE 5: Cala!

PERSONAXE 2: Así que me mirei no espello e dixer: "machiño, hai que mellorar esa redacción". Porque tiña moitas faltas.

PERSONAXE 4: E daquela?

PERSONAXE 2: E daquela matriculeime nun taller de escritura que hai en Santiago.

PERSONAXE 5: Moi ben feito, creo eu.

PERSONAXE 1: Home, claro.

PERSONAXE 2: Son dous rapaces aí de vint' anos, moi riquiños. A rapaza ten... É moi

educada e moi guapa.

[Mentres falan entra unha RAPAZA nova coa man no van e andares de camioneiro, vestida de bailarina, toda branca, e cruza a escena pola parte de atrás, mirando irritada ao PERSONAXE 2. Detense e segue ollándoo a fite. Marcha pola esquerda]

PERSONAXE 2: E nada, escribindo escribindo, acabei a facer poemas. Porque os rapaces son poetas e animáronme moito.

PERSONAXE 4: Preséntate a un concurso!

PERSONAXE 5: Recítanos algunha cousa...!

PERSONAXE 2: Ehh, non, polo de agora non estou maduro no aspecto... no aspecto... Un día se temos garda tráiovos algo *[baixa a cabeza e queda en silencio]*

PERSONAXE 4: Preséntate a un concurso!

PERSONAXE 2: Os rapaces din que están todos amañados, que dá igual. Que a poesía é unha arte solitaria e que a satisfacción do artista ten que ser consigo mesmo.

PERSONAXE 1: *[Sorprendido]* Pagando?

PERSONAXE 3: *[Malicioso]* A ti o que che pasa é que a rapaza esa... Xa me entendes...

PERSONAXE 5: *[Encárase ao público]* E ti que miras? Perdéseche algo? Faga o favor de circular...

PERSONAXE 4: Iso, circula, cabrón!

PERSONAXE 5: Ei, sen perder a educación, non hai por que perder a educación. *[Abaneando a moca de esquerda a dereita]*. Veña, circule, por favor. Aquí non se pode parar. *[Olla provocador ate perdelo de vista e diríxese outra vez ao compañeiro]* Que dicías?

PERSONAXE 2: Como podedes comprender agora, se hai unha manifestación de poetas eu teño que inhibirme.

PERSONAXE 1: Tes que?

PERSONAXE 2: Que inhibirme.

PERSONAXE 3: Pois se tes que inhibirte inhibeste, home...!

PERSONAXE 4: Home claro!

PERSONAXE 5: Ramudo, mira unha cousa.

PERSONAXE 2: Que.

PERSONAXE 5: Aquí estamos ante un conflito de tipo moral.

PERSONAXE 1: Aí, aí...

PERSONAXE 4: Efectivamente, Ramudo, me cago en dios!

PERSONAXE 5: Un pouco de educación!

PERSONAXE 4: *[Murmura con sumo coidado]*

Efectivamente, Ramudo, me cago en dios!

PERSONAXE 5: O teu deber como funcionario é pedirilles aos poetas que circulen, que non interrompan o paseo normal das familias.

PERSONAXE 1: O que é a paz social, en suma.

PERSONAXE 5: *[Reflexivo]* Por outro lado, se no grupo de alborotadores coincide que están os teus dous amigos...

PERSONAXE 2: *[Corrixe]* Os meus profesores.
PERSONAXE 5: Os teus profesores, ben. Pois mira, Ramudo, nese caso...
PERSONAXE 1: ...cambia un pouquiño, oes, todos somos humanos e...
PERSONAXE 5: *[Interrompe]* ...parecería de xustiza advertirlles de forma un pouco personalizada que a súa presenza na rúa é ilegal e que teñen a oportunidade de reconsiderar a situación.
PERSONAXE 3: Eu nunha das de Nunca Máis en Lugo atopei a filla dun da miña parroquia e chisqueille un ollo, non sabes?, para que se apartase, para que se metese nun bar ou algo así...
PERSONAXE 1: Podemos pedirllles o carné!
PERSONAXE 3: ...o que pasa é que non me viu chiscar o ollo, non sabes?, polo casco, que os ollos non se dan visto ben, e caeulle unha manda de ostias...
PERSONAXE 1: Ou pillamos de megáfono e chamámoslos polo nome: fulanito e fulanito, apartaivos que aquí vai haber chuvia dourada!
PERSONAXE 4: Iso pode ter efectos de disuasión no colectivo.
PERSONAXE 3: Di-sua-sión.
PERSONAXE 2: Tamén podo avisalos o día antes e dicirlles: oíde, eu respecto moito a vosa cultura e a vosa educación, pero se mañá estades con eses que impiden que a xente exerza os seus dereitos cidadáns, daquela...
PERSONAXE 3: ...daquela cáevos unha manda de ostias...
PERSONAXE 5: Pois iso é unha solución posible. Non sei, o que pasa é que os poetas non se manifestan, non sei que lles pasa que non...
PERSONAXE 1: Hai que ter amigos en todos os sitios.
PERSONAXE 2: Tamén se hai unha manifestación de poetas podíamos usar nada máis violencia verbal, e así...
PERSONAXE 4: Ramudo, *me cago en dios!*
PERSONAXE 3: Non, se este acaba de sarxento, xa veredes...
PERSONAXE 5: Perdoa que te contradiga, Ramudo, pero coa violencia verbal non se consegue nada. É triste, pero non se consegue nada.
PERSONAXE 3: Non, se acabaremos matriculándonos todos!
PERSONAXE 2: Pode ser, pode ser que sexa unha violencia estéril completamente.
PERSONAXE 1: Non se pode insultar?
PERSONAXE 3: Ai! Ou non!
PERSONAXE 5: É o voso punto de vista e eu respéctoo, pero non o comparto.
PERSONAXE 1: Por aí, por aí tiñamos que empezar sempre cando pillamos de megáfono...
PERSONAXE 5: Se queredes explícome.
PERSONAXE 1 *[Finxindo que sostén un megáfono]*: Cidadáns! Respectamos o voso punto

de vista pero non o compartimos! Así que...
PERSONAXE 5: *[Contrariado]* Non, home, non!
PERSONAXE 1: ...ou disolvédesvos ou hemos ter outro punto de vista !
PERSONAXE 2: Creo que non hai por que chegar a tales extremos.
PERSONAXE 3: Este acaba de capitán...
PERSONAXE 4: *[Defrontado ao público]* Ti!!! Outra vez? Pero outra vez?? *[Ergue a moca ameazante e dá dous ou tres pasos]* Arrédate de aí, papón!
PERSONAXE 3: Alma cándida!
PERSONAXE 4: Para a próxima...! Larga! Para a próxima métoche a cervexa por... e póñoche o pitillo da risa do rivés! Non, ti xoga!
PERSONAXE 3: Velo aí vai... *[Con desprezo]* Velo aí vai... Escapa, si, escapa... Caguiñas!
PERSONAXE 1: Caguiñas!
PERSONAXE 3: Covardica! Ala, vai... vai coa túa mamá, incompetente !

[Silencio de aliviar a tensión]

PERSONAXE 2: Eu ás veces penso que para isto non vallo.
PERSONAXE 5: Tranquilo, Ramudo, tranquilo. Os traballos teñen todos estes momentos de crise.
PERSONAXE 1: *[Erguendo a cabeza ao fondo]* Nécora!
PERSONAXE 3: Xa chegarás a capitán, xa verás. Ao mellor daquela namais que usas a violencia impersoal...
PERSONAXE 5: *[Corrixe, enfadado]* Verbaal...
PERSONAXE verbal! ...e se cadra aí xa, no despacho, quedache mellor corpo...
PERSONAXE 4: Ou non!
PERSONAXE 5: Non creas, a min algunha vez tamén... Polo que cobramos... Mantemos a paz, garantimos o paseo normal das familias e mira que recompensa temos...
PERSONAXE 1: Ningunha!
PERSONAXE 3: Malas palabras!
PERSONAXE 4: Rechazo social!
PERSONAXE 2: Ser é un pouco deprimente.
PERSONAXE 5: Pero claro! Que se a hipoteca, que se o colexio concertado da filla...
PERSONAXE 3: As comunións...
PERSONAXE 4: A Nintendo...
PERSONAXE 1: Vísteos, cálzaos, dálles para que saian...!
PERSONAXE 2: O interné...
PERSONAXE 4: E que cobramos? Merda!
PERSONAXE 2: Dan ganas de...
PERSONAXE 1: O móbil, o gasoi da moto...!
PERSONAXE 3: Había que manifestarse! Poñerse en folga!
PERSONAXE 1: Darlles ben aos do sindicato, que sufriran un pouco, que eses teñen o convenio na casa!
PERSONAXE 4: A eses, a eses! Eses son os que teñen a culpa de todo!

[Pasa un anxo]

PERSONAXE 1: E dámoslles?

PERSONAXE 5: *[Pensa]* Pois agora que o dices, eu pulso certo... certo malestar no noso colectivo...

PERSONAXE 3: E se nos mandan aos compañeiros da Guardia Civil?

PERSONAXE 4: Boh!

PERSONAXE 1: Eses? Nin media ostia... Andan todo o día na aldea, enterrando vacas!

PERSONAXE 2: Ei, ei, un momento... Temos unha responsabilidade superior e non podemos permitirnos iso de folgas e espectáculos. Temos unha responsabilidade.

PERSONAXE 3: Ramudo, me cago en...

PERSONAXE 1: *[Interrompe]* Si, home, si...

[Sopra nas mans] Que veñan, que veñan!

PERSONAXE 4: E total, que has facer! Despois ábrenche expediente...!

PERSONAXE 2: As cousas son como son e non hai volta.

PERSONAXE 5: Por folga rebáixanche o soldo...! Despois, se te manifestas, ala! sanción!

PERSONAXE 2: E as denuncias! As odiosas denuncias entre compañeiros...

PERSONAXE 1: Despois vén o sarxento e aínda che torce a cara... *[Olla para Ramudo lentamente, suspicaz. O RESTO imítano]*

PERSONAXE 2: *[Apurado]* E de ascender, nada! Se fas folga quedas onde estás o resto da vida...!

PERSONAXE 3: E as pagas extras...! Xa veríamos!

PERSONAXE 5: Non, se ás veces onde mellor se está e no teu sitio e caladiño, non vaia ser...

PERSONAXE 2: O que eu digo.

PERSONAXE 1: Éche o que hai!

PERSONAXE 4: Se foramos nós solucionar o mundo! Ai, si, ho...!

PERSONAXE 3: Si, home, si... Habíamos matar o mar a paus...

PERSONAXE 2: Ai, si...

PERSONAXE 4: E pois entón?

PERSONAXE 3: E! Mira...

PERSONAXE 5: Pois nada...

PERSONAXE 1: *[Voltando ás orixes]* E...! Que lle queres?

[Vanse fundindo as luces. Os antidisturbios baixan pouco a pouco a cabeza. Sénteselles cada vez máis ao lonxe]

PERSONAXE 2: E...!

PERSONAXE 3: Si, ho...

PERSONAXE 4: E...!

PERSONAXE 5: Total...!

PERSONAXE 2: Bah...!

PERSONAXE 3: Nada!

PERSONAXE 1: E...!

PERSONAXE 3: Éche o que hai...!

PERSONAXE 5: Nin outra cousa...

PERSONAXE 4: E...!

PERSONAXE 3: E...!

[Remata a música de fondo. Os antidisturbios quedan calados e tesos. Dez MULLERES e HOMES vestidos con uniforme de traballo póñense ao lado de cada un, viran abaixo os corpos ríxidos coma bloques de xeo e lévanos fóra da escena. Escuridade]

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás



28 XULLO DO 2005 - NÚMERO 576

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



MANOLO MARTÍNEZ
Escrita dispersa

Manolo Martínez (Güín, 1959) foi quen ideou a imaxe de Revista das Letras xunto a Suso Otero, e ambos conforman os alicerces de Signum, unha das firmas máis anovadoras do deseño gráfico galego. Pero ademais de deseñador, Manolo Martínez desenvolve un intenso activismo cultural que levou por empresas editoriais, proxectos fotográficos e comandos de intervención social, sempre acarexando a perspectiva luminosa das marxes. Porén, até agora permanecía inédita unha das súas facetas máis escondidas: a poesía. Autor de diarios de viaxes de intensidade periodística, viaxeiro el mesmo que esculca coa súa cámara o instante irrepetible do tempo e da cor, Manolo Martínez posúe unha abondosa

Escrita dispersa

Manolo Martínez

producción lírica na que funde as latitudes da itinerancia e unha capacidade sutil de recreación cotiá. Como unha prolongación dos seus retratos ou como o exercicio dun mergullador que non renuncia ás técnicas literarias para ampliar a súa particular indagación das profundidades, os poemas que hoxe presentamos no suplemento cultural de GALICIA HOXE amosan o traballo fascinante dun creador que escribe desde a súa adolescencia nun absoluto silencio, apalpando a vida como unha comadroa apalpa a inminencia do parto, o misterio irresoluble da realidade.



Os retratos de Manolo Martínez na portada e nesta páxina foron realizados por Roberto Ribao. As fotografías das páxinas 6 e 7 son de Manolo Martínez

A viaxe circular

1

agora, desorientado, transito as cidades novamente, todas e ningunha ao mesmo tempo; un camiño sen trazar pero que me guía como se moitas veces fora percorrido, unha memoria que fai de min un autómata

nunca eiquí estiven ou quizais non te fuches nunca

unha paisaxe de labirintos para avanzar e perderse, barrios da periferia onde entro gustoso; abandonar o centro para sentir calor ou frío, pequenas maos que te tocan, ar que te roza e é fraxil, esquinas onde se cruzan preguntas

a mirada desolada que agora chega a min e recoñezo sen palabras

busco perderme para encontrarme ou adiviñarme invisible en prazas e lugares onde quedaría para sempre respirando o ar viciado de xestos, de luces que proxectan sombras, que se tocan e superpoñen e que desexo que nunca fosen pisadas

a irresistible curiosidade que me aproxima e me distancia

gustaríame entender, o que está detrás, o non visible, camiño sen saber certamente se vou a dirección correcta, sigo preguntándome cara a onde

cara a onde non importa

baixo aos mercados para entender o inexplicable; esta densidade de formas imposibles e perfectas; se puidese, agora sería invisible para quedarme e asistir á abrupta necesidade de gañar o pan, asistir á loita de sobrevivir dende unha enerxía que se revela como único camiño posible

cara a onde non importa

non insisto na mezquindade de agardar o inesperado, debo abandonar a desorientación dos mapas para estar neste ritmo sen pausa, sen saber se haberá regreso

decido perderme nalgún cine no Largo de Carioca onde arde o desexo despois de cruzar a praza entre predicadores que lanzan proclamas e anuncian mesías que están por chegar entre vendedores de zumos exóticos e *yuppis* que abandonan os cuarteis financeiros para invadir os ximnasios de moda

aparece Totó no seu *rickshaw* para transportar turistas, Totó e o seu corpo diminuto: "levareivos ao sul da cidade onde non chegan as caravanas, ao lugar dos artesanos, onde o Irrawaddy esconde a malaria", o río luminoso, a luz de chumbo baixo unha calor asfixiante, as casas flotantes sobre o bambú mudo e aínda ensangrentado; dende U Bein Bridge, Amarapura tece a beleza e o espanto

cara a onde non importa

estas ti na Marina Beach de Chenai baixo as estatuas, fascinada na luz amarelenta que reflecte sobre os *saris* e as peles que amo mentres como pistachos

Pondicherri, doce e íntima como as mulleres que se manifestan pedindo traballo baixo as árbores frondosas do parque

as Cidades Mortas preto da patria de Abdullah Okalan e a columna devastada de Simón do Deserto sobre unha chaira de pedras e igrexas en ruínas e nenos petrificados polo ar xélido

cara a onde non importa

a multitude que avanza como hordas dispostas para unha batalla no inframundo do D.F., chapeiros e travestis na Alameda Central baixo a mirada cómplice de policías a cabalo e a lembranza fantasmal de Nahui Olin consumida, aillada do mundo pero aínda envolta na súa beleza cósmica como nas fotografías de Edward Weston, os seus inmensos ollos verdes; tras de si os seus gatos únicos testigos da súa loucura

navega L´aziza polas canles dos Pangalanes abrindo o ceo de parte

a parte para divisar manglares e viaxeiros tristes río arriba, en silenzosas canoas na contracorrente, á procura dun golpe de sorte nunha cidade acribillada baixo grandes letreiros en frances de *A vaca que rie*

cara a onde non importa

o teu rostro con círculos de *tanaka* sobre as meixelas e a fronte nas beiras do Lago Inle; disparo directamente os ollos que me devolve un xesto de indiferencia e abren unha ferida que aínda me acompaña

2

ando na procura aritmética de cuantificar o que queda, o que está dentro, os pousos que sen sabelo me foron cambiando, sen apenas intuílo; os pousos que quedaron nun fondo adomercido e só puntualmente aparecen como imaxes nidias nos soños

qué queda

daquela chaira árida de rochas diseminadas como sombras: ti, coa mirada no horizonte de lume, só puiden dicir "ícomo é posíbel tanta beleza!"

qué queda

tras o oasis, pano da suntuosa Palmira, no deserto de terra calcárea habitado polos últimos beduínos libres, queimados polo sol e o *arak*, e a esfínxe desdebuxada da excéntrica Zenobia na hora do contraluz sobre o Palacio de Bel, sobre a cidade que ela soñou con tanto esplendor para fastío de Roma

qué queda

na irreal Alepo onde nos perdimos co pracer de encontrarmos sen saber separarnos nunca

qué queda

dos lugares do trigo, de Randín ou Montealegre, na volta ás orixes onde o meu pai, na noite, clandestino, desfacía a fronteira da fame e gravaba círculos no latón co estaño do seu sangue

qué queda

da viaxe e a súa dor, das voces que chaman na noite e non se escoitan, do que quedou definitivamente morto, da ruína que é observada medindo a distancia, da dúbida que te precipita ao baleiro e sen embargo te reafirma, do aire que move o teu cabelo nunha praia contra o ceo azul na súa progresión cara á luz extrema.

qué queda

nesta beira do sul, de Gata, Tabernas ou Campos de Nijar coma un regreso aos labios, ao silencio da escura cinza, dende a que falo sen palabras, apacíbel, nunha estación indefinida

na vertixe da mirada: a luz, o instante decisivo que nos fai desaparecer como iste *sol detrás da cortina de pó no atardecido xunto ao Nilo...*

nunca estiven aquí ou quizais non o fun nunca.

E- Mail

Cidade océano

Dende a altura o mapa da túa esfínxe. Unha cartografía onde os meus ollos non consiguen ver o límite. Na noite, acéndese unha constelación, como un delirio que eu imaxino sobre as augas. Agora a superficie desecada da túa antiga cunca onde todo foi confluíndo, onde todo foi devorado. Nas rúas a certeza dunha catástrofe, en cantinas e *pulquerías* ritos de *maguey* ou *ágave*.

O sol saquea as avenidas.

Casiñas baixas na periferia, fráxiles, efémeras, como burgullas que se arremuíñan nas beiras das cloacas.

O *zócalo* epicentro de inxurxentes e de conquistas.
O ruído pugna por revelarnos a súa orixe entre o vapor de *tamales* e berros de centos de vendedores ambulantes.

O drama a percura dun ozono excaso.

Motos de repartidores, taxis, *peseros* e microbuses. En Pantlitlán, Cuatro Caminos, El Rosario centos de obreiros arrastran os seus pasos sobre o marmol como un baño de cumbias, boleros e baladas. Vendedores ambulantes en vagóns de metro. Acordeóns, guitarras e armónicas acompañan as voces tipludas dos cegos e de nenos que cantan tristes cancións de amor.

A pista sonora de zumbidos. Pasadores para o pelo, recetarios, prumas, reglamentos de tránsito, ferramentas, agullas de costura, caderniños, cepillos de dentes, calcamonias a cinco pesos. Nos pequenos talleres e fabricas as radios: novelas seriadas, ladróns redentores, desenfreos amorosos, un cuadrante saturado de frecuencias, da radio novela a Fauré, Ligeti, o Kronos Quartet. Na rúa Moneda, nas cercanías do Templo Maior braseiros do copal o son solemne dos *Caracoles* e os danzantes, pregoeiros de voces asexuadas como aves tropicais en amplificadores de alta voltaxe e *tarolas* de salsa mesturada con cebola frita, froitas rancias, cores sintéticas e plástico, ou a dulce inflexión do otomí, do nahualt ou mixteco de mulleres pobres que falan entre elas ou cos seus fillos. *Plomeros*, albaneís, electricistas que anuncian e pregoan as súas artes. Modistas e costureiras nos barrios anuncian habilidades e mestrías en traxes de noiva, primeira comunión, bautizos. Zurzidos invisibles. As cantinas elegantes do centro, de funcionarios que no seu aillamento asfixiante parecen falar de conspiracións e asuntos secretos nos prácidos restaurantes de Polanco, San Ángel ou Coyoacán, mentres as nubes reflicten nas augas salpicadas de lirios e *chichicastle* das canles de Xochimilco, no sábado ou domingo. Baixo os *ahuejotes*, estalan as trompetas dos mariachis, acordeóns, guitarras e contrabaixos, arpas e requintos de *soneros* que dende as súas *trajineras* acompañan as comidas e bacanaís dos paseantes.

Cando no atardecido comeza a correr o vento e a bruma do *smog* se disipa, xurden algúns remansos silenciosos. Na periferia un ruído contínuo e indefinido salpicado por sereas, ladridos de cans, barredoras ou taladros que reparan o que xa non ten remedio.

Mulleres de Sinaloa e Sonora bailan na Praza Garibaldi entre mariachis mentras o Popo escupe a súa nube de cinza.

A chuvia lava texturas que se agarran aos muros coas súas grafías de spray ou pintura vinílica. Imaxes tenras, salvaxes, iconos *naifs*, graffitis *pop*. O medio é a mensaxe. O mundo está eiquí, transita unha e outra vez nunha dimesión inimaxinada. Anuncios luminosos de *El pollo loco*, *El pollo feliz*, *As tortitas Ninya*, e *Tacomovil* que viaxa até as portas da túa *chamba* para abrir os apetitos. Cursos intensivos de computación, curas milagrosas, bebedizos para a impotencia, fetiches de semillas, *ollo de venado* para o mal de ollos, colibrís para o mal de amores, velas de cores, incienso, virxes, santos e mártires...

En Veracruz, no seu peirao, aínda están os railles de vagóns carregados cos cadáveres de obreiros de Río Branco asesinados por Porfirio Díaz, por declarar a folga e aguantala con valentía, aquí os troxeron para votalos ao mar.

No *Café da Parroquia*, camareiros con delantal branco e paxariña sirven *molletes* e ovos *rancheros* e cafés con leite en vaso de vidro servidos dende alturas de vértigo.

Xalapa e seu xardín de faias, loureiros de indias, araucarias e xacarandás e rapazas fermosas de bata branca que toman a tensión arterial, campesiños sen terra á procura de traballo, cristos redentores a tamaño natural en escaparates, servizos funerarios e o

día de los muertos chiquitos...

En Puebla os soños teñen múltiples formas, entre a Cinemateca Luis Buñuel e a praza dos Sapos onde DJ chegados dende o DF transforman a vitalidade en música e a música en alquimia, mentras nos cafés e terrazas, tertulianos e intelectuais aínda falan de marxismo.

Artistas en Jalapa que buscan no atardecido bandadas de páxaros, no contraluz, dende as torres de San Francisco ou agardando ver a serpe emplumada, a orixe do cosmos, o sopro primixenio ou a antiga Tenochtitlan elevándose sobre a lagoa ou imaxe *Axis Mundi*, montaña cósmica. A chegada de Tlacuache traendo canda si o lume para incendialo todo, e facerte invisible.

Os habitantes do soño, fragmentos do imaxinario. O exilio. A espera do retorno. Alemáns e austríacos antinazis, xudeos europeos do leste que fuxen do nazismo, republicanos españois e agora ricos xubilados americanos de pel branca, dulces aboas de California que en San Miguel de Allende atoparon ao final da vida a vida a baixo precio, en ghetos abigarrados onde colgan bandeiras americanas.

A paisaxe é o escenario por onde transita a vida. Ten memoria. Das follas de palma ou *pencas de maguey* sae a augamel para ser *pulque* en honra á deusa Mayahuel. As humildes *Palapas* brindan o frescor que nengunha tecnoloxía pode igualar. Casas vexetaís, excéntricas e máxicas que exhalan o seu aroma de herba. O que nos sobra ocupa un espazo que se interpón ao contacto co esencial

Cando chega o cansanzo unha parada nos prodixios culinarios do nopal, dos chiles, dos doces de noz, dos tacos de lagosta de Ensenada, *gorditas* de fariña, *frigoles* pintos, *pozoles* mestizos, sopas de aguacate, escamoles e vermes de maguey. Chiles en nogada de Puebla, queixo recheo de Chiapas, arroces brancos, escabeches de peixe e *picadas* de Veracruz. Macún de mero, ovos motuleños, tartaruga verde de Tabasco, *pozoles* de porco e millo de Jalisco, limas e fresas de Guanajuato. Cilantro, *jitomate*, *chalupines* de distintos tamaños e *thayuda* que me recorda o pan etíope. Doces de leite de Lagos, tequilas e *tejuino* con neve de limón e peixes de Nayarit. *Moles*, *chalupas* e *panuchos*...

P.D. 1:

E Braulio pídeme paquetes de cigarriños *Alas*. Búscalos pois son excasos, na volta confésame o seu segredo: "cando os fumo sabenme a beixos". E eu imaxínoo no Zócalo, na Cinco de Mayo, en Cooyoacan ou Hidalgo, nos talleres de poesía ou recorrendo as librerías-café en Tacuba, no Mercado de La Merced ou Sonora. Das *juguerías* ao esotérico co seu chapeo branco de campesiño oaxaqueño e camisa de mariachi de Chiguagua ou transformado en serpe emplumada baixo o manto escuro da noite, dunha cidade excasamente iluminada. Garda silencio pero na súa mirada está a complicidade e o sorriso que pasea como unha raíña por rúas, prazas e mercados como se eiquí quedara o recordo, a vida pegada a pel, máis alá das montañas, máis alá da remota lonxanía, sempre atento a onde os meus torpes ollos nunca chegan.

Diante de tanta calma, Braulio albisca a luz e o inquedaante, o que está detrás desta serenidade.

P.D. 2:

Baixo ceo do DF, apareceu Kouldelka, no mesmísimo centro. A fotografía é tempo fragmentado. Estaba Kouldelka cos seus xitanos de Moravia, Eslovaquia e Rumanía, e as súas músicas. Os seus cans perdidos sobre a neve, Ubu Rei e os teatros de Praga, a invasión e o tanques, as súas paisaxes desoladas de Grecia. O mundo debastado do seu *triángulo negro*. Os exilios. Koudelka errante e a súa ollada enferma, poderosa, atrapando a nostalxia para non ser de ningún lugar.



[...]

¿Como explicarvos que preciso voltar ao riso, aos soños e á poesía?

Saraievo asediado. Admitir o fracaso baixo un ceo que anuncia o silencio, o sangue sobre a neve no frío inverno de Saraievo.

O exilio de tantos, incontábeis.

Abril de 1970. Paul Celán habita as frías augas do Sena. *"Baixa ao fondo onde se ve brilar: sobre móbiles dunas de palabras errantes", "hai outra mao que espera nunha praia, no límite móvil das augas"*.

A represión sobre estudantes e monxes budistas na Birmania, fusilados e abandonados nas augas barrentas do Irrawaddy.

A viaxe cara o sul de Walter Benajamin. A última viaxe. Un pesamento aterrador na oscura noite de Portbou: *"así queda o futuro, na oscuridade"*.

O suicidio Calvert Casey en algún lugar de Roma e a súa última vontade: ver Venecia e despois morrer. A mirada vaise sen cumprir o desexo.

Primo Levi deportado a Auschwitz como esclavo. *"O lager é a fame: nós somos a fame, a fame vivinte", "iste desmesurado enredo de ferro, de cemento, de barro e de fume é a negación da beleza,...* A escrita a supervivencia. Na súa cabeza bailan os versos de Ulises.

Novembro de 1944. *"Até que un día non teña sentido dicir mañá"*

O horror e a súa realidade. A única realidade. *Nada como todo é nada, eiquí abaixo, salvo a fame dentro e o frío e a chuvia ao redor.*

Shamina en Beirut Oeste chora os seus mortos e maldí a Sharon. 19 de setembro. Beirut devastado. Refuxiados palestinos no sur do Líbano repartíndose a fame. Corps degolados na noite de Chrabra e Chatila. *O fedor branco e espeso da morte* escribiu Genet naquil "setembro negro". O silencio. Na "liña azul", hoxe imaxes xigantescas dos mártires de Hézbolá. Nas ruínas de Chatila só colgan panos brancos nas portas.

Insomnio. O peso da luz impídenos dormir, o peso da noite impídenos dormir...

Arde Iraq e nos enchemos a casa de velas, alguén vén hoxe cear...

¿Quén dixo? A outra beira é esta onde vivimos.

Joyce camiña polas rúas de Trieste, de París ou Dublín mentras Lucia Joyce comeza a fuxida definitiva baixo as árbores do manicomio de Pornichet. Lucía abandonada, perdida. Cara ao escuro buscando a extrema luz.

Voltemos a Celán. Vivir en todas partes e ningunha. O desarraigo.

O sufrimento merece ser contado.

Gombrowicz definitivamente en Bos Aires.

Para todos iles *"A casa de Atrás"*.

Zlata hoxe en Saraievo e como antes Ana Frank relata a fame, a morte e a traxedia á luz das velas.

"A Casa de Atrás" é un estado de sitio permanente. *"A Casa de Atrás"* é Saraievo, Iraq ou Beirut.

Agardar o sábado para conseguir libros, ademais de pan e leite, libros. O resto da semana, no refuxio escribimos, condenados a estar escondidos, expostos ao perigo de ser descubertos. Na noite os disparos, as sirenas.

Desfilamos na oscuridade con nenos que choran, nunha marcha cara ao baleiro ou a nada.

Estraño poder dos libros, para protexernos, para respirar, nesta clandestinidade vixiada.

"A Casa de Atrás" de Taslima Nasrim. Sontang e Goytisolo fotografados nas ruínas de Saraievo.

Zarko Krulic soña con volver ler libros na súa casa bombardeada e ruínosa. Disposto a cruzar as frías augas do Drina e alcanzar as librerías de Kósovo para mercar libros de Nabokov e Gombrowicz. Que osadía ler en Saraievo.

5 de febreiro de 1994. A feira da guerra. Laura Carvan, no seu cuarto do Holiday Inn, frío e destrozado, observa a cidade e escribe: *"apareces na sombra e as cinzas coa alma degolada"*, mentres as granadas serbias estoupan no mercado de Saraievo.

Anoitece e neva en Saraievo. Laura Carvan anoitece tamén, vaise nas beiras xeadas do Neretva.

Melodía de Anxos

Abro o libro e ela está dentro, no espazo íntimo das palabras onde embelece e consome os recordos, os días, as horas, a eternidade breve e poderosa.

Abro o libro e ela está dentro, frontal. Mirándome. Non é a frontalidade o que me inqueda, senón as súas mans que se tocan apenas nun leve roce.

Xorden as preguntas. Algo bate nos recordos, nos pousos da memoria, no tempo anterior ao tempo que podó recordar. Fago miñas as palabras escritas, encadeadas e precisas, para cando doan os días, os que están por chegar ou cruce o baleiro dunha praia na súa desolación ou os lugares que non serei capaz de nomear. Fago miñas as palabras pois sei que son súas para falarlle dun día de primavera e dun xardín suspendido no aire onde descubrín un espazo posible, doce e minúsculo, a tenrura que estaba por chegar.

As mans que se tocan apenas nun leve roce, falan da liña branca do equilibrio, dun tempo circular, da calma envolta na súa calma dentro dunha longa viaxe entre as mapoulas.

Abro o libro. Leo as palabras encadeadas e precisas. Ela está dentro, en cada palabra escrita, no frío que agora tamén é o meu frío. Nos seus días, nas súas mortes, nos seus retornos, na melancolía que queda nos pousos no fondo dunha cunca de té verde.

Abro o libro, pois sei que habita dentro, nun territorio de afectos, de doces de noz, amorodos e cereixas, en tardes onde consome o desexo e as palabras que non se nomean pois sabe recoñecerse no territorio poderoso do silencio.

Abro o libro como abro as maos, palpo o ritmo, a pulsión do sangue en cada extremo, revolvéndome como unha tormenta antes da chuvia, como o calor húmedo que anuncia a transpiración fluída que nos devolve a vida.

Leo as palabras encadeadas e precisas. Asisto o devagar das horas nunha casa onde somos chamados pola música que pecha os días e prende o sono para cerrar as cicatrices. A música que trae a calma e o desexo que nos é entregado coma unha melodía onde recoñeceremos.

Días tristes de Braulio

Amalia prende nos ollos a luz calina do sul e mándame mensaxes dende Rabat. Carmen ben a visitarme e consumimos as tardes, bebemos devagar, falamos de nós. Elena escribeme dende unha casa en silencio onde di perderse. Fala do amor que non pudo ser e daquela viaxe tantas veces aprazada. Días tristes de Braulio e na proximidade Antón camiña ao meu lado como por un labirinto onde nos gusta perdernos, para amarnos, mentras fumamos nos bares e falamos de nós. De cando en cando, abrazo a Juan, sinto o abrazo doce e infindo de Juan como sinto os días tristes de Braulio. O devezo de Carmen e o devezo triste de Braulio consumindo as tardes e falando de nós. As palabras nunca ditas de Elena coma as palabras tristes de Braulio. O amor de Antón e o devezo de Braulio nos días tristes de Braulio. A luz de Amalia que prende nos ollos de Braulio. A casa en silencio de Elena e a de Braulio que prende no abrazo doce e infindo de Juan. Días tristes de Braulio cando bebemos devagar e falamos de nós. Aquela viaxe tantas veces aprazada.



Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Fotografía: Roberto Ribao e Manolo Martínez

